

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA AOS CIDADÁNS 010 NO CONCELLO DE LUGO ASÍ COMO COLABORACIÓN PARA O MANTEMENTO DE DATOS ACTUALIZADOS DOS SERVIZOS MUNICIPAIS NA PÁXINA WEB

Sendo as 13:00 horas do día 23 de outubro de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego e actuando como vocais don Manuel Núñez López, Tenente de Alcalde delegado da área de Servizos Xerais e Participación Cidadá; dona Esther Muñoz polo Grupo Municipal Socialista, dona Paz Abreira polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; don Angel Trabada polo Grupo Municipal Popular; dona Ana I. Saez Mancebo, Letrada Asesora do Concello, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor xeral do Concello; dona do Concello e actuando como secretaria dona Ana Tábares Martínez, Técnico do servizo de contratación.

Por parte da Presidenta da Mesa e procédese por parte do Sra Secretaria a dar lectura aos informes emitidos tanto como polos Servizos Xerais como polo Servizo de Informática relativo a documentación incluída no sobre B da única empresa licitadora, que se transcriben literalmente a continuación:

“INFORME DA AREA DE SERVIZOS XERAIS RELATIVO ÓS CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE NA LICITACION CORRESPONDENTE Á CONTRATACION DO SERVIZO DE ATENCION TELEFONICA ÓS CIDADANS (010) NO CONCELLO DE LUGO ASI COMO COLABORACION PARA O MANTEMENTO DE DATOS ACTUALIZADOS DOS SERVIZOS MUNICIPAIS NA PAXINA WEB

En relación ó informe solicitado pola mesa de contratación na súa sesión do día 16 de Setembro de 2013, relativo ás ofertas presentadas polos licitadores ó concurso de referencia incluídas no sobre B, cabe informar o seguinte:

Analizada a oferta presentada polos licitadores:

- Balidea

E en relación ós criterios de calculo non automatico dos criterios non avaliados economicamente, obterían as seguintes valoracións:

METODOLOXIA DE TRABALLO:

Ó respecto da METODOLOXIA DE EXPLOTACION, no caso de BALIDEA ós sistemas de optimizacion estatística e teorías de colas, denotan un maior control sobre a operativa, incluíndo procesos de xestión de calidade. E ofertando tamen, unhas condicións mínimas que permitirían o desenvolvemento do servizo de xeito adecuado.

Puntuación:

- Balidea:.....7

PLAN DE IMPLANTACION

Ademais da metodoloxía, a empregar que é practicamente similar, os prazos ou a seguridade no su cumprimento son determinantes. BALIDEA enténdese que dado que se trata do actual prestador do servizo podería ser de xeito inmediato, aínda que se explicita un prazo de unha semana. non explicitan adecuadamente este particular, polo que existe dúbida na inmediatez da implantación, dado que parece que podería darse un decaimento de servizo durante unha semana.

As puntuación neste apartado que se considera axeitada sería:

- Balidea:.....3

MELLORAS OFERTADAS

En relación ó apartado de Melloras, explicitadas como “otras prestacións” faise referencia á metodoloxía de medición da satisfacción, que aínda que parece adecuada e inclúe a elaboración de cuestionarios e elaboración de informes non fai referencia ós parámetros de fiabilidade e validez dos datos ou das encuestas, e non supón importante mellora sobre o que sería a metodoloxía básica de medición de satisfacción.

Polo que se considera que a puntuación axeitada para o apartado de melloras:

- Balidea.....2 puntos.

Polo que a puntuación total obtida nos apartados non avaliados automaticamente sería de 12 puntos.

E canto procede informar en Lugo a 24 de Setembro de 2013. “

“INFORME DO SERVIZO DE INFORMÁTICA RELATIVO Á IDONEIDADE DO EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO E PLATAFORMA INFORMÁTICA INCLUIDOS NAS OFERTAS RECIBIDAS NO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA NO CONCELLO DE LUGO ASÍ COMO COLABORACIÓN PARA O MANTEMENTO DE DATOS ACTUALIZADOS DOS SERVIZOS MUNICIPAIS NA PÁXINA WEB.

Recibida a providencia da Área de Servizos Xerais, e analizada a oferta presentada por BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING S.L., cabe informar que a mesma se adapta aos requisitos incluídos nos pregos de prescricións técnicas en canto a equipamento tecnolóxico e plataforma informática, para garantir o seu correcto funcionamento e integración dentro da rede de comunicacións do Concello de Lugo.

Para a prestación dos servizos obxecto do contrato fora das dependencias municipais, é necesario actualizar o servidor de xestión de chamadas Procenter, así como os terminais, que deberán ser IP. Estes cambios, estánse a levar a cabo polo Servizo de Informática.

É canto procede informar.”

Procedendose a continuación á apertura da oferta económica, co seguinte resultado

- BALIDEA CONSULTING AND PROGRAMMING, S.L:
prezo/hora para a primeira anualidade do contrato o seguinte:
- Prezo/hora: 11,29 euros.
- IVE (21 %): 2,37 euros.
- Prezo/hora total: 13,66 euros,IVE incluído.
- 80 horas gratuítas de formación anuais dirixido ó persoal encargado da execución do contrato e persoal municipal
- 20 horas anuais gratuítas para a realización de campañas de duración determinada e discontinuas
- Un paquete de 10.000 SMS sen custo

A vista do cal os membros da Mesa coa excepción do Grupo Municipal Popular que opina que este servizo debería ser prestado por persoal funcionarios, acordan propoñer a adxudicación do contrato á mercantil BALIDEA CONSULTING AND

PROGRAMMING, S.L, por ser a única oferta presentada e cumprir os requisitos establecidos nos pregos

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas.

A PRESIDENTA ,

A SECRETARIA

Asdo.: Sonia Méndez García

Asdo. Ana Tabares Martínez

